



ADMISIÓN CURSO 2024-25

→ PRAZOS:

- * **PUBLICACIÓN DE VACANTES:** antes do 1 de marzo
- * **PRESENTACIÓN SOLICITUDES:** **do 1 ao 20 de marzo (ás 14:00h.)**
- * **PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS ALEGADOS PARA O BAREMO:**
Do 21 de marzo ao 11 de abril
- * **PUBLICACIÓN DE LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS** (presencialmente no taboleiro de anuncios na entrada do centro):
Ó 25 de abril
- * **RECLAMACIÓNS:** 5 días hábiles a partir da publicación das listaxes
- * **PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS:**
Ó 15 de maio
- * **FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:**
Do 23 de xuño ao 7 de xullo

NOTA:

- Só se pode presentar unha única solicitude que deberá ser entregada no centro solicitado en primeiro lugar; a infracción disto (duplicidade) causará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado con garantía de permanencia neste centro que presente solicitude noutro distinto deberá comunicalo ao mesmo tempo a este centro. Así mesmo perderá esta garantía cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.
- O alumnado, dos centros adscritos, con reserva de praza neste centro, se desexan presentar solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar, por escrito a este centro, a renuncia á reserva **antes do 28 de febreiro.**



PRESENTACIÓN SOLICITUDES

→ PREFERENTEMENTE A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA:

- A través da aplicación web “*admisionalumnado*”: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> para o que é necesario dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital ou a Chave 365.
- Toda a información sobre a solicitude poderase obter a través da aplicación.
- O **anexo II-bis** deberase cubrir, imprimir e unha vez asinado de forma manual polo outro proxenitor/a, titor/a ou acolledor/a, escanealo
- Coa solicitude presentárase o anexo II-bis e a documentación indicada a continuación

→ DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR NO CENTRO:

1.- **Solicitud** que se presentará no centro elixido no primeiro lugar, pódese descargar en:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

Unha vez descargada deberá cubrirse e **asinarse** (solicitud e anexo II-bis) por:

- Ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno, coa única excepción do consentimento do agresor no caso de violencia de xénero .
- **En caso de non asinala polos dous proxenitores:** se requirirá a sinatura, por escrito ou correo electrónico; xa que si non constan as dúas sinaturas a admisión será provisional.

No obstante, no caso de ausencia puntual dun dos proxenitores, poderase admitir unha declaración xurada explicando o motivo que impide a outra persoa o consentimento.

2.- **Certificado de matrícula do curso actual**

3.- **Fotocopia do DNI do/a alumno/a**

4.- **Fotocopia** (xunto co orixinal para o seu cotexo) **do libro de familia**

5.- **Documento cuberto** (en galego ou castelán) **para xustificación de presentación da solicitude**

6.- **Documentación xustificativa para baremo** (preferiblemente presentar coa solicitude)

NORMAS PARA PODER PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN NO CENTRO:

- É obrigatorio traer a solicitude cuberta e toda a documentación requirida.
- En caso de non poder descargar e imprimir a solicitude e o xustificante de presentación, pódense recoller na conserxería, despois terá que presentalos nas oficinas do centro unha vez cubertos, xunto con toda a documentación.



→ DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O BAREMO

1.- Irmáns matriculados no centro ou centro adscrito.....8 puntos

- Fotocopia completa do libro ou libros de familia
- Menores en situación de acollemento: fotocopia da resolución da Consellería de Política Social

2.- Proximidade do domicilio familiar ao centro: Área de influencia8 puntos

Área limítrofe4 puntos

- Certificado de Padrón municipal (se a residencia fose inferior a un ano deberá achegar: escritura de compra ou contrato de alugamento últimos recibos de luz, auga, gas, ...)

Proximidade do lugar de traballo ao centro: Área de influencia 6 puntos

Área limítrofe3 puntos

- Contrato de traballo e informe de vida laboral, no caso de traballadores por conta allea
- O persoal ao servizo das administracións: certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

3.- Renda per cápita da unidade familiar (segundo o IPREM):

- Non se acredita, consultarase de forma **automática** (salvo oposición expresa que conste na solicitude)

INGRESOS: - inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
- iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
- iguais ou superiores ao 0,75 veces o	1 punto
- iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos

4.- Por ser traballador/a do propio centro 3 puntos

5.- Familia numerosa: Categoría especial 3 puntos

Categoría xeral 2 puntos

- Non se acredita, consultarase de forma **automática** (salvo oposición expresa que conste na solicitude)

6.- Irmán nados dun parto múltiple:

Se son dous irmáns 8 puntos

Se son tres irmáns 10 puntos

7.- Familia monoparental 2 puntos

- Certificado de recoñecemento expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude

8.- Discapacidade (igual ou superior ao 33%):

Do alumno/a 4 puntos

Dalgún dos proxenitores ou titores do alumno/a 3 puntos

Cada un das irmás ou irmáns do alumno/a 1 punto

- Non se acredita, consultarase de forma **automática** (salvo oposición expresa que conste na solicitude)

Así mesmo terá consideración de discapacidade:

- a percepción da PENSIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez
- ou a pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente

9.- Por condición de vítima de violencia de xénero 2 puntos

10.- Por condición de vítima de terrorismo 2 puntos



11.- Criterio establecido polo centro:

Opción preferente, na solicitude, polo ensino público 1 punto

12.- Nota media de 3º ESO só para acceder ao Bacharelato: (Certificado da nota media de 3º da ESO)

Sobresáinte 2 puntos
Notable 1 punto
Ben 0,5 puntos

EN CASO DE EMPATE:

Cando o número de solicitudes sexa superior ao de vacantes, a aplicación asignará un **número aleatorio** que se publicará nunha listaxe o 21 de marzo de 2024.

En caso de presentación telemática este número poderase consultar na aplicación.

En caso de presentación presencial, o centro entregará un xustificante no que conste a data de presentación o selo do centro, e consultará o número aleatorio no listaxe publicado.